

HARRIET E. WILSON

A nosa Negra

Traducido por María Reimóndez



Hugin e Munin

A NOSA NEGRA
OU
ESTAMPAS DA VIDA DUNHA MULLER NEGRA LIBRE

NUNHA CASA GRANDE DE XENTE BRANCA NO NORTE
PARA AMOSAR QUE A SOMBRA DA ESCRAVITUDE
PAIRA MESMO AQUÍ

POR
«A NOSA NEGRA»

CAPÍTULO I

MAG SMITH, A MIÑA NAI

É esta Mágoa superior a calquera mágoa, cando o fado
deixa por primeira vez o corazón infantil só e desolado
no ancho mundo sen ese único nó
polo que amaba vivir ou temía morrer,
malfadado coma o laúde pendurado, que nunca voz tivo
dende o triste día no que a corda principal lle tronzaron!

MOORE²

Coitada Mag Smith! Velaí a vén, andando cos ollos abaxados e un cravo no corazón. Mais non sempre foi así. Noutroora posuíu un corazón cariñoso e confiado. Porén, ben nova ficou sen a tutela nin de mai nin de pai, foi afastada do resto da familia e, así, non lle quedou outra que tentar virar ela o temón da súa breve vida na maruxía, soa e sen experiencia. Ao entrar na idade adulta, sen protección, sen afecto, sen coidado, aos seus oídos chegou a música do amor, espertando nela unha intensidade de emoción que levaba ben de tempo adormentada. En murmurios faláballe dun ascenso ao que endexamais aspirara,

²*Sir* Thomas Moore (Dublín, 1779-Bronham, 1852) foi un escritor e poeta coñecido sobre todo polas súas *Irish Melodies*, ademais de por ser considerado moito tempo o destrutor das memorias de Lord Byron, que este lle confiara para publicar despois da súa morte.

dunha comodidade e fartura coa que o seu sinxelo corazón nin sequera soñara. Coñecía a voz do enredante, tan atraente, que soaba por enriba. Semellaba un anxo a tirar dela cara a arriba e impulsala cara a adiante. Pensou que podería ascender onda el e ser a súa igual. Entregoulle o seu tesouro prezado, que el conservou coma un trofeo xunto co doutras tantas vítimas, e abandonouna á súa sorte. O mundo parecía de traidores odiosos e de arrogancia esmagadora. Consciente de que tronzara o fondo vínculo con quen antes formaba parte da súa vida, de que o desprezo das xentes sería insoportable, decidiu firmemente deixar as poucas amizades que posuía e buscar acubillo entre persoas descoñecidas. A súa descendencia chegou sen ser benvida e, antes de facer nin unhas semanas, marchou da Terra, ascendendo a unha vida máis pura e mellor.

—Loado sexa Deus! —exclamou Mag, ao ver que deixaba de respirar—. Ninguén a fará padecer a ela pola miña deshonra.

Bendita liberación!, pode que respondamos a unha. Cantas criaturas puras e inocentes non só herdán un malvado corazón de seu, padecendo de por vida escrutinio e restricións, senón tamén a desgraza e calumnias da proxenie da cal só poden desfacerse tras longos anos de persistencia paciente polos camiños da rectitude.

O novo fogar de Mag axiña se viu contaminado polo coñecemento público da súa caída en desgraza; notaba unha sensación de degradación que a oprimía, pero decidiu amosarse circunspecta e tentar recuperar en certa medida o que perdera. Xusto entón, algunha mala lingua botábase a pacer para falar da súa deshonra, e desanimábase as olladas fuxidías e os saúdos fríos. Compreendeu que non podía soterrar no esquecemento a súa falta e,

